

PEZA DO MES

outubro

2000



PHALERA

CONDECORACIÓN militar romana, *DONA MILITARIA*, COÑE-
CIDA CO NOME DE *PHALERA* , PROCEDENTE DA " CIDÁ DO
CASTRO DE SAN MILLÁN" (OURENSE).





VISTA XERAL DO XACEMENTO DA "CIDÁ DO CASTRO DE SAN MILLÁN"

PHALERA

Esta peza foi atopada de forma casual por uns cazadores, rexistrando un tobo de coellos na muralla interior da Cidá do Castro de San Millán, xacemento situado entre a serra de Larouco e a depresión de Verín, no SE da provincia de Ourense. Trátase dun castro peculiar, no que destaca a diversidade e ostentación do seu sistema defensivo. Xunto ó foxo, na zona norte, as murallas constitúen o sistema mellor desenvolvido, formando un magnífico conxunto que dá unha gran prestancia arquitectónica ó xacemento. A presenza de "pedras fincadas" no sector oriental do castro concédelle ó xacemento un valor importante, posto que este sistema defensivo é considerado atípico nesta área da cultura castrexa.

A peza é unha placa cuadrangular de bron

ce, con catro argolas circulares nos ángulos, unidas entre sí mediante catro pares de arquiños en forma de ferradura, que servían para pasar as correas. Na parte central, o disco toma forma antropomórfica, decorado cun mascarón feminino en ríxida disposición frontal, de trazos esquemáticos, cun peiteado de grandes ondas lonxitudinais e toucado por un veo.

Corresponde a unha *phalera*, termo de orixe grega usado polos romanos para designar cousas diferentes, aínda que vinculadas entre si, en tanto en canto, serve para definir obxectos metálicos ornamentais relacionados co exército. Trátase pois dun vocábulo polivalente, que fai referencia ó disco metálico decorado con diferentes motivos e ornamentacións iconográficas, do que se poden sintetizar dúas funcións básicas. Unha delas formando parte delas gornicións dos cabalos, ben como simples obxectos decorativos pendendo das gornicións, ou servindo como pezas de unión das correas que forman os arre-

os. Outra das súas funcións era a de servir como condecoracións militares. Tampouco debemos esquecer que o nome tamén se lle aplicou a unha xoia feminina, que por levarse colgada do pescozo, recordaba o aspecto das *phalerae*.

En concreto, a utilidade da peza que nos ocupa parece estar relacionada co complexo mundo das condecoracións militares, *dona militaria*. A súa orixe atópase tanto no mundo clásico grego, coma no mundo bárbaro en relación cos trofeos arrebatados os inimigos, que viñeron substituír o botín, que durante a República constituía a parte máis esencial do soldo dun militar. A gama de *dona militaria* foi moi ampla durante toda a historia militar de Roma. Algunhas eran tomadas dos pobos inimigos, como é o caso dos

outorgadas ós simples soldados e a outros militares ata o grao de centurión.

Certas representacións relixiosas, como é o caso do monumento funerario de Rubiera, permítenos coñecer como se levaban as *phalerae* na vestimenta militar. Neste relevo represéntanse doce pezas deste tipo, dispostas sobre un arreo de tiras de coiro, que portaría o soldado sobre os seus ombros e arredor do corpo.

Polo que respecta á cronoloxía, hai que ter en conta que o sistema romano dos *dona militaria* funciona sobre todo no século I e II da nosa era, caendo en desuso con Septimio Severo, ó ser substituído pola promoción interna, e pola recompensa monetaria, que será o sistema que se desenvolva no século III d. C. Duranteo sécu-



DISCO CENTRAL DECORADO CUN MASCARÓN FEMININO.



ARQUIÑOS EN FORMA DE FERRADURA.

torques, outras das propias armas do exército, como a lanza (*hasta*) ou a bandeira (*vexillum*), e non faltan outras de orixe clásica como a *corona*, que conleva diferentes variantes *cívica*, *aurea*, *muralis*, etc, en función da acción premiada.

As *phalerae* aparecen mencionadas en moitas inscricións, e decorando monumentos funerarios, xunto a outras condecoracións como as coroas e os brazaletes. Sen embargo, aínda non foi posible determinar con exactitude o rango que ocupaban entre o resto das condecoracións, nin en qué circunstancias concretas se concedían. Non obstante, parece admitido que lles eran

lo IV d. C. documéntase un novo sistema dos *dona militaria*. A peza que nos ocupa, debe de datarse precisamente durante o século IV d. C. tanto polas características morfotipolóxicas, tipo de peiteado e presenza de arcos de ferradura, como polo contexto arqueolóxico no que se inscribe, onde se evidencia a ocupación parcial do castro na tardorromanidade.



HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

Presentación o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Xulio Rodríguez González. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: J.Carlos García España .

IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-165-2000



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

